

FICHA RESUME

PE 403A 2007/ 36-5

Ano	2008
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE O GROVE
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA, LONGUEIRÓN E LONGUEIRÓN VELLO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E SEMIAUTÓNOMO

Especies	Navalla (<i>E.arcuatus</i>) e Longueirón (<i>E.siliquia</i>).
Ambito do plan	Enseada da Lanzada, praia de Mexilloeira, praia Area das Pipas e praia Area de Reboreda.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	14	22
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
	Si	Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		120									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de maio a outubro. Ámbito do plan.											
Modalidade⁽³⁾ : mergullo en apnea											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
				20	20	20	20	20	20		

Especies	Embarcación	Mergullador/día
Navalla		10 kg/mergullador
Longueirón		10 kg/mergullador

Arte ou técnica de extracción	Mergullo en apnea e semiautónomo
--------------------------------------	----------------------------------

Puntos de control	Lonxa do Grove
Puntos de venda	Lonxa do Grove

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improditivas												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembr												
Zonas:												

Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Cumpre lembrar que na resolución de 12.12.2006 da Dirección Xeral de Recurso Mariños para a aprobación do plan de explotación de OURIZO presentado pola confraría de O Grove establecíase no relativo ao apartado de renovación dos participantes (2.3) no que se esixía a acreditación dunha actividade mínima (50% dos días), que *"por parte da administración e segundo a lexislación en vigor, era imposible coas condicións do apartado indicado, realizar a exclusión dos participantes do plan de explotación do vindeiro ano"*. A medida proposta sería tida en conta para unha modificación da lexislación que regula os recursos específico.

A posesión de titulación caducada ou a carencia de titulación axeitada afectaría á participación das embarcacións do plan que tivesen enrolados mergulladores en esas circunstancias, as cales deberán acreditar ter un tripulante coa titulación necesaria para a actividade de mergullo para poder participar no plan de explotación e incluírse nas aperturas mensuais da actividade, así como para poder renovar a modalidade de navalla-longueirón no seu permiso de explotación.

A autorización para o uso das distintas técnicas de mergullo está supeditada a que os mergulladores estean en posesión dos certificados profesionais acorde coa técnica empregada, así como ao estricto cumprimento da normativa sobre mergullo e a execución do plan sexa aprobada a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

En relación coa **zona de traballo**: dende o ano 2003 practicamente desapareceron os individuos de navalla e longueirón nos bancos de A Lanzada-Pedras Negras, que supoñían case o 95% das extraccións e o valor económico deste plan en anos anteriores. Polo que a

viabilidade deste plan pasa pola recuperación deste banco marisqueiro e/ou a explotación doutros que se podan atopar. No presente ano por primeira vez autorizouse a extracción de longueirón na praia de A Lanzada.

No ano 2004 fixéronse mostraxes que sinalaban outras zonas con presenza de especies como son: de Punta Area Grande ata Punta San Vicente e canle que separa Toxa pequena e Toxa grande, sen embargo estas zonas non son solicitadas neste plan ni no dos ano 2005, 2006 e 2007. A pesares de que mellorarían os ingresos do colectivo de mergulladores.

Ante a mala situación que está a atravesar este colectivo debido a baixa produción da especie recurso principal, recomendase á entidade que contemple a posibilidade de incluír dentro do plan zonas con presenza de solénidos, como son de punta Area Grande a punta San Vicente, así como a canle que separa a Toxa pequena coa Toxa grande, que poderían ser explotadas polo colectivo de mergulladores.

En relación coas **especies**, e de acordo co informe técnico exclúese o longueirón vello.

Con respecto aos **topes de captura** redúcese a 10 kg/tripulante/día a vista das CPUE do presente ano (navalla: 7,57 kg e longueirón: 7,14 kg).

De acordo co informe técnico o **calendario** será de maio a outubro para a navalla e longueirón, pero cunha veda de un mes entre maio e xuño para o longueirón.

O horario autorizado para marisqueo dende embarcación e de 8:00 a 14:00, segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

Non se aceptan as condicións para a renovación dos permisos de explotación (apartado 2.3) por non estar contempladas na normativa vixente sobre a explotación de recursos específicos, nin sobre os permiso de explotación de ditos recursos,

En relación coa posibilidade contemplada no plan de expulsión aos mariscadores que non cumpran as normas do plan, en tendo en conta o seguinte:

1. Para explotar os recursos específicos necesariamente é necesario estar nun plan de explotación polo que é responsabilidade das confrarías o censo de participantes.
2. Non está acreditada a aprobación do plan polo colectivo de mergulladores, que son os directamente interesados na planificación da explotación do recurso.
3. Calquera privación do dereito de exércela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.
4. Que a persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Sempre que se acredite a aprobación do plan nunha asemblea do colectivo de mergulladores, que no caso de que a sanción imposta pola entidade **tralo correspondente procedemento sancionador** (que deberá ser debidamente acreditado), fose **recorrida ante a xurisdicción ordinaria** polo que carecería de firmeza, as persoas sancionadas pola entidade

deberán ser incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución xudicial definitiva. O obxecto desta medida sería respetar os dereitos da persoa ao traballo e á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada en vía xudicial.

*